

ORDE pola que se convoca concurso público de méritos para cubrir postos de persoas directoras dos centros de formación e recursos e de persoas asesoras do Servizo de Formación do Profesorado, do Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos

Non imos insistir na necesidade de que a formación sexa democrática, tampouco falaremos da necesidade de que a Administración fomente a participación do profesorado achegándoa aos centros, non volveremos a falar da cuestión da xerarquía que introduce na formación do profesorado o Decreto 74/2011 nin, por último, a lembrar que o noso modelo de elección de persoas que exerzan cargos directivos non é o que aquí se recolle. [Á vista de que todas as OOSS presentes fixemos algún tipo de valoración xenérica sobre cuestións de democracia, xerarquía e participación, o Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, José Luis Mira Lema, defendeu que tanto esta Orde como o Decreto que a regula, garanten a democracia das estruturas formativas; en canto á xerarquía introducida nesas estruturas, afirmou que era para garantir a eficacia na xestión e a participación de todo o profesorado.](#)

Ora ben, antes de entrar a valorar o articulado desta Orde, dende o STEG queremos, en primeiro lugar, insistir na necesidade da formación e competencia do profesorado que realiza tarefas de asesoría nas estruturas de formación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que ao abeiro do Decreto 74/2011 son: Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI), Servizo de Formación do Profesorado (SFP) e Centros de Formación e Recursos (CFR); neste sentido, aínda que os perfís que se presentan como necesarios para cubrir as prazas que saen a concurso poden ser positivamente valorados, botamos en falta algunhas inconcrecións que detallaremos máis adiante, ao deternos no articulado da Orde.

Así mesmo, constatada a redución de prazas, demandamos que, de non ser o caso, se cubran todas as necesidades de persoal que poidan existir nas diferentes estruturas formativas da Galiza, pois consideramos que hai estruturas que, co cadro de persoal que se presenta nesta Orde (podemos pór exemplos, aínda non imos entrar en detalles), non poden atender todas as necesidades formativas que poidan xurdir nos centros educativos galegos. [Á respecto da redución de prazas, a Administración alegou en diferentes ocasións que era unha cuestión que obedecía a estudos internos de eficiencia e necesidade dos centros \(referida á número de profesorado\), polo que non ían modificar a oferta en número.](#)

Por outra parte, dende o STEG queremos saber:

- cantas prazas de asesoras e asesores están a cubrirse nestes momentos con profesorado en activo nos centros educativos galegos; e,
- cantas desas prazas rematan este ano o período polo que foron convocadas. [Non contestaron a ningunha destas preguntas.](#)

Tamén, demandamos que a praza da persoa que exerza as tarefas de dirección do CAFI sexa convocada a concurso público, como esixe o Decreto 74/2011 no seu artigo 10.3: *"será nomeada mediante **convocatoria pública** para a provisión de postos de libre designación"*. [Responderon que iso se fará no seu momento.](#)

Polo que respecta ao articulado desta **Orde**, dende o STEG dicimos o seguinte:

- Ao respecto requisitos de participación que se piden no **artigo 2**, demandamos que se incorpore a condición de coñecemento da lingua galega mediante a acreditación do CELGA 4 ou equivalente. [Non aceptan.](#)
- Ao respecto do perfil que se describe para as persoas candidatas a exercer unha asesoría nas estruturas formativas da Consellería que se describen no **artigo 3**, debemos recoñecer que é un perfil de grande interese, pero se o contemplamos á luz do **Anexo II (Requisitos)** e do **Anexo IV (Baremo)**, non sabemos como se poderá obxectivar (logo no seu momento faremos as oportunas reflexións). Con todo, consideramos

oportuno eliminar á referencia ao liderado que se fai nos perfís, consideramos máis oportuno referirse a capacidade de cooperación, coordinación e colaboración. Ademais, solicitamos que se especifiquen as funcións concretas de cada praza que se vai a exercer e, xa que logo, diferentes das que recolle o Decreto 74/2011, nos **Anexos II e III**, que solicitamos que se unifiquen. [A Administración entende que as funcións son as que veñen no Decreto e non van especificar máis; ademais, alega que os perfís son abondo obxectivables e que para garantir que será seleccionada a persoa máis idónea teñen a entrevista.](#)

- Á marxe do número de solicitudes que cadaquén poida facer (2 ou máis, segundo demandaban outras OOSS), ao respecto das solicitudes (**artigos 4 e 5**), entendemos que debe ser un obxectivo da Administración evitar duplicidades na documentación e garantir a comodidade da persoa administrada, polo que demandamos que a documentación solicitada nas **alíneas 1 e 2 do artigo 5** –que segundo o **artigo 4.3** se deben achegar en cantas solicitudes se formalicen–, abonde con entregala unha única vez. [Aínda que se mostrou favorable a esta nosa demanda, a Administración alegou para non aceptala que a premura dos tempos esixíalles axilidade na tramitación e esa demanda nosa só implicaría retrasar os tempos. Con respecto á demanda doutras OOSS a respecto de que o número de solicitudes sexa tanto como prazas, sinalaron que o ían estudar.](#)
- Ao respecto do **artigo 7** (*Proceso de selección*), demandamos o seguinte:
 - o a supresión da entrevista, pois entendemos que é unha proba subxectiva e aberta á arbitrariedade; [Non aceptan. O Director Xeral defendeu o valor das entrevistas na selección do persoal e alegou, ademais, que ese é o modelo de selección da empresa privada cara a onde temos que camiñar.](#)
 - o o prazo de reclamación debería ser de cinco días hábiles, nos dous casos que se propón, e que as persoas aspirantes sexan avisadas o día en que se publiquen as resolucións; [Non aceptan a ampliación de prazos polos tempos; aceptan avisar mediante e-mail ou sms ás persoas aspirantes.](#)
 - o no caso de que o empate se produza entre persoas de distinto xénero debe atenderse á discriminación positiva cara á muller, pois do contrario podería acabar beneficiando ao home. Por outra parte, no caso de que o empate se produza entre persoas do mesmo xénero, entendemos que debe preverse un mecanismo de desempate no que primen os criterios de profesionalidade obxectivables. [Responden que copiaron literalmente do Decreto 74/2011, polo que non é modificable.](#)
- Ao respecto do **artigo 8** (*Comisión de selección*), solicitamos que se inclúa na comisión a profesorado, para que teña un perfil máis técnico que político. [Non contestaron.](#)
- Ao respecto do **artigo 9** (*Proposta de nomeamento*), demandamos coherencia co Decreto 74/2011 e que se inclúa unha mención específica á avaliación das persoas asesoras e que exerzan a dirección dos CFR, na que se sinala como se vai realizar, quen a vai realizar e cales son os criterios que se terán en conta. [O Director Xeral respondeu que a avaliación é outro capítulo do Decreto que non se desenvolve nesta Orde, polo que xa se traerá a Mesa no seu momento; non obstante, deixou sen responder á nosa demanda.](#)
- Ao respecto das prazas que se mencionan no **artigo 7** (*desertas*) e no **artigo 9.4** (en que se di literalmente: “as prazas que non fosen cubertas por ausencia de persoas candidatas ou aquelas novas vacantes que, como resultado do proceso de selección, puideran producirse finalizado este”) e das que se establece nese mesmo **artigo 9.4** que “poderán proveerse, en comisión de servizos de maneira provisional, para o curso 2011-2012, a proposta da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa” ou, no **artigo 10** que poderán ser cubertas con posterioridade ao proceso selectivo (no que textualmente se cita: “de quedaren prazas vacantes nos procesos de selección, aquelas persoas asesoras que se incorporen con posterioridade a realización da formación inicial seguirán o programa de formación establecido nos procesos de acollida do SFP, do

CAFI e dos CFR”), na medida en que entendemos que, **ao non especificarse ningún proceso concreto para a incorporación dese persoal**, se abre unha perigosa porta á arbitrariedade, esiximos:

- o primeiro, a retirada dos parágrafos anteditos; e,
- o segundo, abrir un novo proceso selectivo para cubrir as prazas desertas que poidan quedar ao finalizar ese proceso selectivo. [Discutiuse a cuestión debido a que outras OOSS se referiron á cuestión; quedando ao descuberto que había dúas posibilidades:](#)
 - primeira, vacantes por **renuncia** unha vez incorporada á persoa asesora ao seu posto, para o que outras OOSS solicitaron un mecanismo de listaxes semellantes ás listaxes de substitución do profesorado; e,
 - segundo, ás que nós expuxemos: **as prazas desertas**, para as que non se podía botar man de ningunha listaxe.
 - A Administración **aceptou estudar a cuestión nas vacantes por renuncia**, pero **non aceptou a apertura dun novo proceso selectivo no caso de prazas desertas**, polo que se nomearán discrecionalmente dende a Dirección Xeral polo curso 2011-2012.

En canto aos **Anexos** á Orde, demandamos o seguinte:

- **Anexo I (Modelo de solicitude)**: non dispoñemos do modelo de solicitude, polo que non podemos facer comentarios, supomos que será un modelo convencional ao que non haberá nada que obxectar;
- **Anexo II (Requisitos específicos de acceso ás prazas vacantes)** e **Anexo III (Relación de prazas vacantes)**: en primeiro lugar, por cuestión de operatividade e para evitar duplicidades, solicitamos que se unifiquen, reunindo así os perfís e a oferta de prazas. Ora ben, entrando en detalle:
 - o **Sobre a cuestión dos perfís**: entendemos que a competencia, a actitude e mesmo os coñecementos, sobre todo cando non se require ningún título específico (nin pertenza a corpo ou especialidade, como ocorre en varios casos), son completamente subxectivas, polo que demandamos que se establezan perfís máis obxectivos: titulación e especialidade, a experiencia en postos de traballo específicos (estruturas formativas da consellería) ou a formación (cursos específicos...). [Non van modificar os perfís nin incluír funcións específicas.](#)
 - o **Ao respecto da oferta e dos departamentos**: no borrador que se presenta detectamos:
 - escaseza de prazas. [Xa responderan xenericamente que a oferta que se fai responde ás necesidades reais do país.](#)
 - inconcreción en determinados departamentos en canto á oferta; neste sentido, por exemplo, demandamos que se distinga dentro de departamento científico, tecnolóxico e social do CAFI, que prazas se van adxudicar por área (o mesmo se podería dicir de FP ou educación artística e deportiva). [Non aceptan crear máis departamentos, pero si concretar as prazas, se se pode.](#)
 - solicitamos que se elimine dos perfís a valoración da experiencia laboral no sector produtivo –entendemos que privado–, para o departamento de FP e a experiencia en equipos directivos para o departamento de Orientación; [Non aceptan.](#)

- solicitamos que se incorpore como lingua do departamento de **Plurilingüismo** o portugués, lingua coa que mantemos estreitos lazos lingüísticos e que ten unha notable difusión internacional –lembro que é unha das linguas oficiais da UE e a lingua oficial dun dos países emerxentes do grupo BRICS, concretamente Brasil-. [Aceptan incluír portugués –nós fomos a única OOSS que o demandou-, e italiano -a suxestión doutra OOSS-](#).
- demandamos que se manteñan os departamentos de **Bibliotecas** e **Valores**, concretamente reclamamos neste departamento de valores se fomentasen a formación en igualdade, coeducación, políticas de xénero, resolución de conflitos... e se elaborasen materiais relacionados coa visibilización das mulleres.... [Non aceptan, pois non houbo demanda real nos tempos que funcionou, imaxinámonos que a razón habería que buscara en que no seu momento se baleirou de contidos eses departamento.](#)
- o Preguntamos que vai pasar coas asesorías en linguas ou ciencias sociais que rematan este curso no SFP, vai quedar o SFP reducido ás tres áreas que aquí figuran? Se é así non podería cumprir as funcións que lle encomenda o Decreto 74/2011. [Non contestaron.](#)
- **Anexo IV (Baremo):** demandamos:
 - o a eliminación dos méritos académicos a condición de catedrática ou catedrático; [Non aceptan.](#)
 - o especificar que o desempeño nun posto da Administración sexa en estruturas formativas da Consellería; [Non contestan.](#)
 - o esperemos que o criterio de división da puntuación entre o número de autores dun libro sexa extensible ao resto das publicacións; [explican que esa era a súa intención.](#)
 - o non compartimos, de todos os xeitos, o criterio de valoración das publicacións (poñemos o exemplo concreto –ao respecto do requisito de que os artigos non sexan inferiores a 5 páxinas-, de que en *Nature* e *Science* as *News* están limitadas a unha páxina e ninguén dubida da capacidade científica de quen alí escribe), polo que demandamos que se cree unha comisión que estableza uns criterios claros e unificados para todas as convocatorias a respecto das publicacións, partindo do principio de que o profesorado, unha vez establecidos uns criterios obxectivos ten capacidade para avaliar unha publicación, o mesmo que ten capacidade para avaliar os coñecementos dunha compañeira ou compañeiro noutros procesos selectivos, como son as oposicións. [O Director Xeral valorou positivamente esta demanda, pero non se concretou máis.](#)
 - o [A Administración mostrou a súa vontade de modificar o peso específico de determinados apartados do baremo no total, logo de que varias OOSS fixeramos propostas diferentes.](#)
 - o A supresión da entrevista. [Non aceptan polas razóns xa aducidas.](#)
- **Anexo V (Contido do proxecto...):** entendemos que o Decreto que regula esta Orde, malia que así se reclamou, non especifica entre as dinamizacións os contidos de igualdade, xénero, coeducación..., non obstante, demandamos que eses contidos estean recollidos dalgún xeito no proxecto e que sexan valorados especificamente. [Non contestan.](#)
- **Anexo VII (Centros colaboradores):** gustaríanos coñecer os centros colaboradores, polo que botamos en falta a listaxe, para facer as oportunas achegas. [Ao finalizar a sesión fannos entrega dunha listaxe de centros colaboradores no que se botan en falta áreas que no seu momento contaron con seccións \(Noia...\).](#)